

**Asunto:** Fw: O TSXG anula o acordo para modificar o parque eólico Serra do Oribio

**De:** <prensa@xornalgalicia.com>

**Fecha:** 15/12/2020, 16:23

**BCC:** Manuel Meiriño Sánchez <meirino.manuel.abogado@hotmail.com>, "FRANCISCO MANUEL PEDROSA SEIJAS" <pedrosa@icacor.es>

**From:** [TSXG, Comunicación](#)

**Sent:** Tuesday, December 15, 2020 3:49 PM

**Subject:** O TSXG anula o acordo para modificar o parque eólico Serra do Oribio

## **O TSXG anula o acordo para modificar o parque eólico Serra do Oribio**

15/12/2020.- A sección terceira da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) anulou e deixou sen efecto, por non ser conforme a Dereito, o acordo aprobado polo Consello da Xunta o 27 de xuño de 2019 para a modificación do proxecto do parque eólico Serra do Oribio, situado na Zona Especial de Conservación (ZEC) Os Ancares-O Courel, en Lugo. O alto tribunal acolle en tres sentenzas os recursos interpostos pola Asociación Ecoloxista Verdegaia; a Asociación Ambiental e Cultural Petón do Lobo; e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), Fundación Oso Pardo (FOP) e Sociedade Galega de Ornitoloxía (SEO).

Os maxistrados argumentan nas resolucións que o plan 2007-2009 do parque estaba caducado. "O proxecto autorizado pola resolución do 31 de maio de 2007, coa Declaración de Impacto ambiental (DIA) aprobada o 12 de agosto de 2005, non foi construído, nin instalado. A resolución que o autorizaba indicaba que o promotor tería un prazo de 12 meses contados a partir da data de ocupación dos terreos para a posta en marcha da instalación", indican os xuíces.

A DIA de 2005, segundo o alto tribunal, resulta "obsoleta para amparar a avaliación ambiental do proxecto modificado de 2018, polos múltiples e variados cambios legislativos e de catalogacións de especial protección do terreo, non podendo entenderse validada por unha prospección vía informes gubernativos".

O terreo, segundo consta nas resolucións, ten a cualificación de espazo natural protexido como zona de conservación da ZEC Os Ancares-O Courel, Zona de Especial Protección de Valores Naturais e zona de Rede Natura 2000. O TSXG lembra que nesas áreas "non están permitidos os parques eólicos, excepto a repotenciación dos xa existentes, conforme o Plan Director da Rede Natura".

O tribunal entende que o parque eólico de Oribio non se pode considerar "existente" para a súa excepcional autorización, xa que "non se comezou a executar o proxecto de 2007-2009, non están en explotación, nin instalados aeroxeradores". Por iso, conclúe que non se pode "modificar o que non existe".

As sentenzas, coas que discrepa un dos maxistrados, quen emitiu un voto

particular, poden ser recorridas en casación.

\*\*\*

## **El TSXG anula el acuerdo para modificar el parque eólico Serra do Oribio**

15/12/2020.- La sección tercera de la Sala de lo Contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ha anulado y dejado sin efecto, por no ser conforme a Derecho, el acuerdo aprobado por el Consello de la Xunta el 27 de junio de 2019 para la modificación del proyecto del parque eólico Serra do Oribio, situado en la Zona Especial de Conservación (ZEC) Os Ancares-O Courel, en Lugo. El alto tribunal estima en tres sentencias los recursos interpuestos por la Asociación Ecoloxista Verdegaiá; la Asociación Ambiental e Cultural Petón do Lobo; y la Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), Fundación Oso Pardo (FOP) e Sociedade Galega de Ornitoloxía (SEO).

Los magistrados argumentan en las resoluciones que el plan 2007-2009 del parque estaba caducado. “El proyecto autorizado por la resolución de 31 de mayo de 2007, con la Declaración de Impacto ambiental (DIA) aprobada el 12 de agosto de 2005, no fue construido, ni instalado. La resolución que lo autorizaba indicaba que el promotor tendría un plazo de 12 meses contados a partir de la fecha de ocupación de los terrenos para la puesta en marcha de la instalación”, indican los jueces.

La DIA de 2005, según el alto tribunal, resulta “obsoleta para amparar la evaluación ambiental del proyecto modificado de 2018, por los múltiples y variados cambios legislativos y de catalogaciones de especial protección del terreno, no pudiendo entenderse validada por una prospección vía informes gubernativos”.

El terreno, según consta en las resoluciones, tiene la calificación de espacio natural protegido como zona de conservación de la ZEC Os Ancares-O Courel, Zona de Especial Protección de Valores Naturales y zona de Rede Natura 2000. El TSXG recuerda que en esas áreas “no están permitidos los parques eólicos, excepto la repotenciación de los ya existentes, conforme al Plan Director da Rede Natura”.

El tribunal entiende que el parque eólico de Oribio no se puede considerar “existente” para su excepcional autorización, ya que “no se había comenzado a ejecutar el proyecto de 2007-2009, no estando en explotación, ni instalados aerogeneradores”. Por ello, concluye que no puede “modificarse lo que no existe”.

Las sentencias, con las que discrepa uno de los magistrados, quien ha emitido un voto particular, pueden ser recurridas en casación.

[comunicacion.tsxg@xunta.gal](mailto:comunicacion.tsxg@xunta.gal)

**981 18 21 73**

**618 38 24 57**

**@TSXGalicia**

[www.poderjudicial.es](http://www.poderjudicial.es)

Esta comunicación no puede ser considerada como la publicación oficial de un documento público. La comunicación de los datos de carácter personal contenidos en la resolución judicial adjunta, no previamente disociados, se realiza en cumplimiento de la función institucional que el artículo 54.3 del Reglamento 1/2000 de 26 de julio, de los órganos de gobierno de los tribunales, atribuye a esta Oficina de Comunicación, a los exclusivos efectos de su eventual tratamiento con fines periodísticos en los términos previstos por el artículo 85 del Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales.

En todo caso será de aplicación lo dispuesto en la normativa de protección de datos de carácter personal al tratamiento que los destinatarios de esta información lleven a cabo de los datos personales que contenga la resolución judicial adjunta, que no podrán ser cedidos ni comunicados con fines contrarios a las leyes.

— Adjuntos: \_\_\_\_\_

SENTENCIA 7342-19-1_Censurado.pdf	283 KB
SENTENCIA 7429-19 _Censurado.pdf	282 KB
SENTENCIA PO 7478-19 _Censurado.pdf	282 KB